

NORMAS REGULADORAS DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN “AULA CONCILIA”.

O Concello de San Cibrao das Viñas porá en marcha o servizo de conciliación da vida laboral e familiar. “Aula Concilia”

A conciliación da vida familiar, persoal e laboral é unha cuestión de homes e mulleres, empresas e institucións, e unha responsabilidade global da sociedade.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral e por outra banda a evolución dos diferentes tipos de familias, cunhas necesidades específicas de conciliación moi concretas, fixo que se manifestara a necesidade de crear un servizo de conciliación co fin de regular o conflito entre traballo e familia.

As actividades que se levarán a cabo serán dirixidas as familias empadroadas dentro do municipio e están organizadas da seguinte maneira:

LUGAR: Antiga Biblioteca

REQUISITOS:

- ✓ Que os proxenitores se atopen en situación laboral de incompatibilidade horaria para o coidado dos seus fillos.
- ✓ Que un dos proxenitores ou o neno/a se atopen empadroados no Concello de San Cibrao das Viñas.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- 1) Solicitud debidamente cumprimentada e asinada. No caso de ser varios os fillos para os que se solicita o servizo, deberán presentar unha solicitude por cada un dos nenos/as non sendo necesario presentar por duplicado a documentación que sexa común a todos.
- 2) Copia do DNI do/a pai/nai solicitante.
- 3) Copia da tarxeta sanitaria de cada neno/a.
- 4) Certificados da empresa, dos dous proxenitores, nos que figure o horario laboral.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



- 5) Declaración IRPF do ano 2022, de ambos proxenitores, ou certificado de non tela presentada (negativo de facenda).
- 6) Vida laboral de ambos proxenitores, primeira páxina (copos especiais: documentación acreditativa da situación en activo, ou similar); Os autónomos deberán presentar o recibo do último mes de pagamento da cota da Seguridade Social que figure como autónomo.
- 7) No caso de familias monoparentais a acreditación correspondente.
- 8) Convenio regulador, no caso de que os representantes do menor estean separados ou divorciados.

PRAZOS:

Prazo de inscrición	do 5 ao 15 de setembro
Publicación das listas provisionais	19 de setembro
Prazo de subsanación de erros	20 ao 25 de setembro
Publicación de listas definitivas	28 de setembro

NORMAS DO SERVIZO:

- ✓ O servizo está dirixido para nenos/as nados entre o 2012 e 2020 (que se atopen a cursar 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria).
- ✓ Será OBRIGATORIO acompañar ós nenos ata a porta da Aula onde serán recibidos polos monitores.
- ✓ O horario será entre as 15:00 horas e as 20:00 horas.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



- ✓ Os nenos que presenten algún síntoma coma febre, tose, vómitos, diarrea non poderán asistir á Aula.
- ✓ Nos casos en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas (porque supoña un risco para a saúde), deberán ir acompañadas de receita médica, actualizada a data do tratamento, na que constará o nome do neno , o nome do medicamento, forma, dose e frecuencia na administración. Non se lle administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.
- ✓ No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores ou representantes legais do neno e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención medica axeitada.
- ✓ As monitoras non cambiaran os nenos e nenas.
- ✓ As merendas terán que ser de doada manipulación, co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas.
- ✓ O programa levará a cabo actividades co fin de promover a igualdade entre os nenos e nenas co fin de evitar comportamentos discriminatorios .
- ✓ Os monitores contan co Certificado Negativo de Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Trata de persoas.
- ✓ É deber do nenos respectar o material e facer bo uso das instalacións. En caso contrario, serán os pais/nais/titores do neno quen se faga cargo dos gastos de reparación e/ou reposición dos desperfectos.
- ✓ Non está permitido o uso de aparatos eléctricos (vídeo consolas, móbiles) por parte dos menores durante o horario no que se presta o dito servizo.
- ✓ Se algún neno ou nena non vaia acudir á Aula algunha semana, deberá avisar por escrito sempre e presentalo por rexistro no Concello, (nas oficinas municipais ou a través da sede electrónica)
- ✓ A baixa no servizo deberá comunicarse por rexistro. (nas oficinas municipais ou a través da sede electrónica).

- ✓ Se algún neno ou nena vai a ser recollido por algunha persoa que non figura como autorizado na folia de inscrición, deberá traer por escrito unha autorización feita polo solicitante do servizo.
- ✓ No caso de que o neno ou nena falte tres días seguidos sen xustificar, darase de baixa no servizo.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



- ✓ Aqueles pais ou nais que de forma reiterada se retrasen na hora de recollida dos seus fillos, causarán baixa neste servizo. En ningún caso se poderá responsabilizar ao coidador ou ao Concello de calquera incidente que puidera ocorrer fora do horario do Servizo de Conciliación.
- ✓ No caso de prazas vacantes, excepcionalmente, poderán solicitar o servizo aquelas familias que necesiten a conciliación por motivos esporádicos de traballo, formación ou por ter familiares a cargo, e aportarán a documentación correspondente-

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos serán utilizados para facer aos inscritos partícipes da actividade promocionada, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O uso de fotografías será co fin de promocionar as actividades organizadas polo Concello, a través da páxina web ou as Redes sociais.

Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas. O Concello cederá os seus datos de carácter persoal á empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.

Os proxenitores teñen dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, e a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en info@sancibrao.es. sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

En San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

A alcaldesa,
Marta Novoa Iglesias

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

